

Novembro 2017

A CIG-Ensino e outras organizacións sindicais conseguen unha reunión co conselleiro para abordar as reivindicacións do persoal da concertada

Tras permanecer pechados nas dependencias da Xunta durante a mañá do día 29 de novembro acadaron o compromiso de manter unha reunión con Román Rodríguez o martes 5 de decembro na que tratarán o Acordo de Mantemento do Emprego e o cobro da paga extraordinaria de antigüidade e da coordinación de dinamización lingüística, entre outros asuntos que lles afectan aos 7.000 traballadores e traballadoras deste sector. No último mes, os sindicatos tamén se reuniron cos grupos parlamentares para intentar levar as demandas deste colectivo aos orzamentos da Xunta para 2018.



Representantes da CIG Ensino e doutras organizacións sindicais decidiron dar un paso adiante e presentarse na Consellería de Educación para esixir que o conselleiro Román Rodríguez os recibise, ante a falta de resposta por parte da Administración ás peticións presentadas por escrito nos últimos meses para tratar asuntos moi relevantes que afectan aos máis de 7.000 traballadores e traballadoras do ensino concertado. Finalmente, despois de varias horas de espera na Consellería, a reunión terá lugar o próximo martes 5 de decembro. Os representantes sindicais recordan que o profesorado da concertada de Galicia leva 7 anos perdendo salario e dereitos.

Entre os asuntos que formarán parte da orde do día desta reunión destaca o **Acordo de Mantemento de Emprego**, que non existe desde o ano 2009 e que garantiría a estabilidade dos postos de traballo actuais. Neste sentido, as centrais xa consensuaron coa patronal un AME, co fin de que a perda de unidades educativas nos centros non supoña a perda de empregos. Esta proposta de AME non implica ningún incremento nos orzamentos para a administración e foille remitida a comezos do verán ao conselleiro sen obter ningunha resposta. Ademais noutro escrito presentado en outubro lembrábaselle que a última convocatoria da Comisió

Tripartita do Ensino Privado Concertado se celebrou no ano 2016. Actualmente esta comisión carece de contidos e só é convocada, cando a convocan, para informar.

Outras reivindicacións que se van tratar co conselleiro son o **abono da coordinación de dinamización lingüística**

que non están a cobrar os traballadores e as traballadoras da concertada, os **recortes salariais soportados por este colectivo** nos últimos anos, consolidados en nómina e que aínda non recuperaron, así como a **paga extraordinaria de antigüidade dos 25 anos**, que non se aboa dende 2010, “sendo Galiza a única comunidade do Estado que non paga a PEA, dereito recoñecido por xurisprudencia reiterada”.

Por todo isto, e ante a situación de recuperación económica “da que tanto se alardea na Xunta, cremos que chegou o momento de negociar un **Acordo de Mantemento do Emprego**, un **acordo de abono da PEA** ou un calendario de recuperación salarial, así como o **abono da coordinación de dinamización lingüística** que non están a cobrar os traballadores/as do ensino concertado”.



Reunión cos grupos parlamentares para infuír nos Orzamentos

Polo demais, este mes as organizacións sindicais tamén fixeron unha rolda de contactos cos voceiros e coas voceiras de Educación dos distintos grupos políticos no Parlamento co fin de que se presentaran enmendadas á Lei de Orzamentos Xerais da Xunta para 2018. Froito destas xestións, **BNG, PSdG e En Marea** presentaron diversas mocións dirixidas a desbloquear as negociacións laborais e salariais que permitan introducir melloras para este colectivo. Esta negociación está bloqueada no artigo 53.2 e na disposición novena da Lei de Orzamentos.

Por parte do PP non se conqueiri ningún compromiso concreto, agás o de ser correa de transmisións das nosas reivindicacións ante os responsables da elaboración dos orzamentos.

Entre as demandas que seguen plenamente viventes está a revalorización do 2% do Complemento Retributivo Autonómico e 45 € por xornada completa. Trátase dunha medida incluída no Plurianual sobre condicións laborais e de calidade do ensino asinado co bipartito en 2008 e que foi suspendido en 2010 polo goberno de Feijóo.

Igualmente tampouco se recuperou aínda o recorte nun 5% do noso salario aprobado en 2011 vía Lei de Orzamentos nin o posterior recorte no Complemento Retributivo Autonómico feito efectivo en 2013.

Desde a CIG-Ensino seguiremos reivindicando onde sexa e as veces que faga falla tanto o Acordo Mantemento de Emprego como a recuperación dos recortes salariais para as traballadoras e os traballadores da concertada.

Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.gal

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.gal

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.gal

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.gal

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.gal

Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.gal

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.gal

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.gal

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.gal

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.gal

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.gal

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.gal